



## SOLICITUDE DE PERMISO PARA REALIZAR FOGUEIRAS DE SAN XOÁN E SAN PEDRO

D/na....., en posesión de DNI núm. ....

Veciño/a de Ares e con domicilio en .....

teléfono de contacto .....ante V., comparece e **EXPÓN**:

Que estando interesado/a en celebrar a tradicional noite de San Xoán e San Pedro cunha fogueira, e enterado/a do Bando da Alcaldía de data 10 de xuño do actual no que se reflicten as condicións que se deben cumprir, pola presente **COMUNICA**:

A celebración dunha fogueira no lugar ....., de entre as ..... e as ..... horas aproximadamente, comprometéndose expresamente a cumprir coas seguintes condicións:

- O/a solicitante que asina a instancia será o/a responsable do cumprimento destas normas e de que a zona onde se autoriza estea, ao día seguinte, en axeitadas condicións de limpeza e arde, tal e como se atopaba anteriormente.
- O volume do combustible da fogueira non superará en ningún caso os 3 metros de altura nin os 8 de perímetro.
- A separación da fogueira con respecto de edificios ou árbores será, como mínimo, de 15 metros. En ningún caso se situarán as fogueiras debaixo de tendidos eléctricos ou telefónicos, nin preto de edificacións, bodegas ou almacéns de ningún tipo.
- Prohíbese expresamente a queima de plásticos, aceites, pneumáticos, espumas de poliuretano, recipientes que conteñan ou puideran conter líquidos ou gases (sprays) aínda que estean baleiros, e, en xeral, calquera outra substancia que poida desprender fume tóxico.
- As fogueiras poderán ser prendidas entre as 20:00 horas do día 23 ata as 01:00 horas do día 24, e entre as 20:00 horas do día 28 ata as 01:00 horas do día 29 de xuño.
- Nas praias, só se poderán prender naqueles lugares especialmente sinalizados e acotados, e non se poderán comezar a preparar as fogueiras antes das 5 da tarde. Non se permite cubrir os restos da fogueira con area. Queda terminantemente prohibida a realización de fogueiras en calquera tipo de vía pública pavimentada, parques, xardíns ou zonas verdes en xeral.
- Diante de calquera incidencia deberán informar o máis axiña posible aos servizos de emerxencia a través do teléfono 112, ou ben directamente á Policía Local (629 078 961) ou Protección Civil (696 035 224).

No caso de que sexa detectado o incumprimento do deber de comunicación ou que aínda tendo feito esta, non se axuste ao previsto, os Servizos Municipais e a Policía Local poderán proceder á retirada dos materiais destinados á fogueira, de xeito que os custos da operación serán de canta das persoas que foran identificadas como responsables e que tiveran feito o acopio do material.

Ares, ..... de ..... de .....

**Asinado:**

Advertencia: O regulamento europeo xeral de Protección de Datos (RGPD) e a súa normativa de desenvolvemento, advírtese ó solicitante da existencia dun ficheiro automatizado do que a súa finalidade é a xestión dos mesmo para o correcto funcionamento de dita xestión . Así mesmo, infórmase ó solicitante da posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición; sendo responsable do ficheiro o concello de Ares, con domicilio social na seguinte dirección: Avda. Saavedra Meneses 12, 15624Ares

**Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Ares**